

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
O DÍA VINTE DE XULLO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA  
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ  
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE  
D<sup>a</sup>. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO  
D<sup>a</sup>. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día vinte de xullo de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o seis de xullo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

**2º.- Instancias de obras de particulares**

**2.1.- Instancia num. 599/10 de don Juan M. Torre Vázquez**

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 45 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, no lugar de Corbeixe- San Mamede de Ribadulla, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1).

Dáse conta asimesmo da autorización do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: axustarase ás distancias establecidas pola Deputación Provincial; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia o zócalo

de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte e oito euros (#28,00#)

#### 2.2.- Instancia num. 1.042/10 de don José Manuel Núñez González

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a rehabilitación de vivenda , consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situada en Pousada de Abaixo, en solo cualificado no PXOM como de núcleo rural (N-1)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica e de acordo co establecido no artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de sesenta euros con noventa e un céntimos (60,91#)


#### 2.3.- Instancia num. 992/10 de don José R. Rico Noya

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para proceder á agrupación e parcelación de dúas parcelas situadas en Romarís, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Beillet García

A Xunta de Goberno , á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza para a agrupación e parcelación das fincas descritas no proxecto mencionado, sitas no lugar de Romarís da parroquia de San Xián de Sales, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 180,00 euros.

#### 2.4.- Instancia núm. 614/09 de don Emilio J. Albela Couto.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio no número 16 do lugar de Outeiro (Santa Cruz de Ribadulla), expón que con data 24 de abril de 2007 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para reconstrución de vivenda unifamiliar en Outeiro (Santa Cruz de Ribadulla), (licenza número 44/07), e que rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.



A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenden, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, que deberá ser ingresada nas arcas municipais, requisito sen o cal esta licenza surtirá efecto algún.

#### 2.5.- Instancia num. 1710/10 da Asociación de Veciños Virxe de Gundián

Dáse conta da citada instancia na que don Ramón Marque Millán, como Presidente da AA.VV. Virxe de Gundián de Ponte Ulla, solicita licenza para a ampliación do cemiterio parroquial, emprazado en solo urbano, ordenanza U-1, Dotación cemiterio segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 50% da parcela neta; num. Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 9,50 mts e un coeficiente máximo inferior a 0,80 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

Dáse conta asimesmo da informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 29 da Lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; deberase realizar a conexión ós servizos municipais de auga e saneamento; deberán axustarse ás condicións impostas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural en canto á plantación de once cipreses e logo de rematadas as obras deberán solicitar a visita de inspección da Consellería de Sanidade para obter a preceptiva autorización de apertura.

Antes do comezo das obras deberán presentar oficio de dirección de execución da obra e plano coa cesión de viario ó concello coa finalidade de cumprir cos requisitos do artigo 171 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2º.- Concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes ó tratarse dunha obra comunitaria de interese social

#### 2.6.- Instancia num. 1041/10 de don Antonio Cao Andújar

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Xián (San Andrés de Trobe) solicita licenza para parcelación, en 2 fincas resultantes, de parcela ubicada no lugar de Gatente (San Andrés de Trobe), en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Expansión de Núcleo Rural (ordenanza N2), de acordo co proxecto técnico presentado firmado por Fco. Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data xullo de 2010.



A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Gatente da parroquia de San Andrés de Trobe, nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 120,00 euros.

#### 2.7.- Instancia num. 127/10 de don José M. Costa Regueira

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Fins de Sales, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 08/01/2008 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda en Nande (exp.1/08), e rematadas as mesmas e achegando a documentación preceptiva, solicita que, de conformidade co artigo 10.8 do Decreto 28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo de Galicia e 194.2 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se lle conceda a lizeza de primeira ocupación

Á Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 60,00 euros.

#### 2.8.- Instancia num. 979/10 de dona Sonia Barros Carpinteiro

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 100 m2 en planta, consistentes no cambio do tellado, colocando uralita e tella, situado en Cimadevila, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e seis euros con catorce céntimos (#76,14#).

#### 2.9.- Instancia num. 1.016/10 de Rivadulla, S.L

Dáse conta da citada instancia na que don Manuel Carpinteiro Carrillo, representante de Rivadulla, S.L, solicita licenza para a rehabilitación da cuberta da nave, de aproximadamente 60 m2, consistente en substituír a existente por unha de panel sandwich, situada en Sete, en solo cualificado no PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (R-2)



A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e sete euros con cincuenta e tres céntimos (#47,53#)

#### 2.10.- Instancia num. 420/10 de don Manuel Calviño Iglesias

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela pola parte norte e oeste, de aproximadamente 190 mts de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, situada en Xián, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

Dáse conta asimesmo da autorización do Servizo de Infraestructuras da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o eixe da vía municipal por ser un vial nivel IV en solo rústico e para a distancia respecto da AC-241 axustarase ás condicións establecidas polo Servizo de Estradas; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e sete euros con trinta e tres céntimos (#37,33#)


#### 2.11.- Instancia num. 667/10 de don José Manuel Rendo Caneda

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Reboredo, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas S+A. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Francisco Márquez Taín cun orzamento de 103.000,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do ar-



tigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento; a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 mts e debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais. Ademais antes do comezo das obras deberá presentar no concello o oficio de dirección da obra do aparelador e o compromiso de subministro da empresa subministradora de electricidade.

2º. Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil sesenta euros (#2.060,00#)

## 2.12.- Instancia num. 1.085/10 de dona Herminia María Mella Nodar

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dun cerramento de parcela, de aproximadamente 90 mts de lonxitude, con base de formigón, postes e maia, no lugar de A Lagoa, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será de 6,00 mts de distancia dende o vial; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts


Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e seis euros (#56,00#)

## 3º.- Licenza de obra e de actividade para a instalación de Clínica de Rehabilitación en Ponte Ulla

Téndose solicitado por Paula Rey Lagos, con enderezo en Ponte Ulla, 20 (Ponte Ulla), licenza para *instalacion de clínica de rehabilitación*, a emprazar no lugar de Ponte Ulla, parroquia de Ponte Ulla, nos termos do proxecto presentado asinado por Mercedes Rosón Varela en calidade de arquitecta e con data de visado 08/04/2010.

Tendo en conta que se tramitou o oportuno expediente e que de conformidade co disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, non se trata dunha actividade suxeita a avaliación de incidencia ambiental. Vista a lexislación de aplicación.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais, acorda concederlle a dona Paula Rey Lagos *licenza de actividade* nos ter-



mos do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais e do proxecto presentado para os efectos.

Así mesmo deberá ingresar, previamente, en Arcas Municipais a cantidade á que ascenden as taxas regulamentarias en relación coa licenza de actividade, segundo liquidación que practicará a Intervención Municipal e que se notificará.

Deberá comunicarse por escrito ó concello a data de inicio da actividade.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais e do informe favorable da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de A Coruña, acorda concederlle a Paula Rey Lagos, *licenza de obra* para adaptación de local para *clínica de rehabilitación* a emprazar no lugar de Ponte Ulla (Ponte Ulla) dentro do ámbito do Plan Especial de Ponte Ulla (PE-1) nos termos do proxecto mencionado e con un orzamento de 18.500,00 euros

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate.

As obras, ademais de ó proxecto, axustaranse ás seguintes condicións:

-Deberá realizarse a conexión ó alcantarillado e á traida de auga municipal.

A licenza de obra non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos setenta euros (#370,00#).

#### **4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de subvencións para actividades deportivas**

En función da proposta da Comisión Avaliadora, a Xunta de Goberno acorda conceder as seguintes subvencións para actividades deportivas, con cargo á partida 341-480:

\*CLUB OLÍMPICO DE VEDRA: 4.270,00 EUROS

\*FCF RIO ULLA: 2.200,00 EUROS

\*C.D. SAN MAMEDE: 3.700,00 EUROS

\*ED RIBADULLA: 3.301,00 EUROS

\*U.D. VAL DO ULLA: 528,00 EUROS

#### **5º.- Facturas varias**

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe e gastos de autoestrada do Sr. Alcalde, don Odón C. Cobas, por xestións varias nos meses de xuño e xullo. Importe 57,75 euros

Quilometraxe do arquitecto don Fernando Faya Martínez por impartición de charlas sobre da modificación da lei do solo e outras xestións nos meses de xuño e xullo. Importe 319,20 euros

Quilometraxe da monitora de deportes dona Miriam Fernández Neira dos meses de abril a maio. Importe 108,78 euros

Quilometraxe da monitora de deportes dona Graciela Gestoso Vázquez dos meses de marzo a maio. Importe 169,68 euros



Horas extraordinarias do funcionario don Carlos J. Sanmartín Carrera do mes de xuño. Importe 576,75 euros

Fondo social (gastos seguro médico) do funcionario don carlos J. Sanmartín, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 358,85 euros

Quilometraxe do conductor do servizo de recollida de lixo, don Juan Duarte Porto, para arranxo de camión en Ourense. Importe 44,10 euros

Quilometraxe do operario do servizo de recollida de lixo, don Jesús Fernández Pereira, para arranxo de camión en Ourense. Importe 44,10 euros

Quilometraxe da traballadora social, dona Ana Aldrey Pereira, do mes de xuño. Importe 27,30 euros

Indemnización á funcionaria dona Mercedes Pereiras por asistencia á xornada sobre a presentación do portal da administración local de Galicia Deseño e novas funcionalidades na EGAP. Importe 36,75 euros

Quilometraxe do operario de servizos varios, don José I. Munín , dos meses de abril, maio e xuño. Importe 197,27 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio Sanz do mes de xuño. Importe 76,06 euros

Quilometraxe das traballadoras do servizo de axuda no fogar no mes de xuño:

Fina López Carballo: 91,35 euros  
Cristina Vilariño Rodríguez: 46,20 euros  
Pilar Graña Campelo: 56,70 euros  
Cristina Orosa Canicoba: 57,75 euros  
Pastora Rendo Rial: 51,45 euros  
Carmen Iglesias Parada: 93,45 euros

Indemnizacións por asistencias á Mesa de Selección para a contratación das prazas de protección civil e brigada de obras os días 8 e 9 de xullo, dos seguintes Sres:

D. Carlos J. Méndez -Losada Abalo (Presidente) ..... 79,56 euros  
D<sup>a</sup>. Begoña I. Beis Gómez (vogal) ..... 88,56 euros  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Cruz Vilas Giadanes (vogal).....73,44 euros  
D<sup>a</sup>. Rosario Iglesias Iglesias (vogal).....88,56 euros  
D. Rogelio Lareo Mougán (asesor)..... 73,44 euros  
D. José M. Uzal Castro (asesor)..... 73,44 eu-  
ros

D<sup>a</sup>. Mercedes Pereiras Caldelas (Secretaria)..... 79,56 euros

Factura num. 6/10 de José Fermín González Blanco por asistencia técnica como arquitecto no mes de xuño. Importe 2.436,00 euros





Factura num. 1754 de dona Guadalupe J. García Cabal por clases de manua-  
lidades no mes de xuño. Importe 700,00 euros

Factura num. 10/10 de Rosa Herraiz por deseño de portada e maquetación  
de monografía "Proceso migratorio e sociedades de emigrantes de Vedra. A viaxe  
cara a modernidade". Importe 3.252,64 euros

Facturas varias por pechadura e outros para o CPI de Vedra. Importe 80,76  
euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco J. Souto Rial por imparti-  
ción de clases de baile rexional en San Xíán de Sales. Importe 150,64 euros

Factura nº 27 de Nieves Iglesias Villanueva por arranxo de cintas ximnasia.  
Importe 20,00 euros

Factura num. 33 de Grupo Acofide, S.C por monitoraxe de patinaxe no mes  
de maio. Importe 380,57 euros

Factura num. 06/C-03/2010 de Delio Sánchez Tojo por clases de dibuxo e  
pintura no mes de xuño. Importe 464,00 euros

Factura num. SPA/51911/2010 de MC SPA Sociedade de Prevención, S.L por  
concerto prevención integral. Importe 334,39 euros

Factura num. 21108282 de A.C. Medín, S.A por abrazadeira. Importe 9,45  
euros

Recibos varios por materiais diversos para a ludoteca municipal. Importe  
51,78 euros

Factura num. 08/31 de José María Freiría Suárez por prestación de servizo  
de limpeza en xuño. Importe 3.449,55 euros

Factura num. 10/534 de Unidixital por boletíns informativos. Importe 428,00  
euros

Factura num. 10-A/6871 de Sistemas de Seguridade A-1, S.L por mantemen-  
to alarma na Casa do Antigo Xulgado. Importe 467,30 euros

Taxas de publicación de anuncio de exposición pública do expediente modi-  
ficación puntual dos camiños públicos no DOG. Importe 124,66 euros

Taxas de publicación de anuncio sobre convocatoria para a provisión en pro-  
piedade dunha praza de auxiliar de Administración Xeral incluída na oferta de em-  
prego público do ano 2009. Importe 92,14 euros

Factura num. 94004219 de Foga por copias feitas na fotocopiadora da planta  
baixa do concello durante os meses de maio e xuño. Importe 1.124,40 euros



Factura num. 0091871652 de Siemens Renting S. A por alugamento da fotocopiadora da planta baixa da Casa do Concello. Importe 548,85 euros

Factura num. 1633 de Restaurante Aldea Grande por comida servida o día 10/07/2010 con motivo do descenso das piragüas, con cargo ás achegas dos participantes. Importe 800,00 euros

Factura num. 0035 de Grupo Acofide, S.C por prestación servizos na piscina municipal no mes de xuño. Importe 2.661,04 euros

Nota de aboamento de telefónica Móviles de España, S.A . Importe - 1.381,31 euros

Factura num. P4.796 de Editorial Compostela, S.A por concerto publicidade. Importe 574,20 euros

Factura num. 967/10 de Gráfica de Asturias, S.L por material de oficina. Importe 52,22 euros

Factura num. 46/2010 de Teatro do Morcego, S.L por función de espectáculo Saltimbanquis o 07/03/2010 dentro da Rede Cultural da Deputación. Importe 3.000,00 euros

Factura num. 547 de Galiza Verde, S.L por xestión e tratamento dos residuos do punto limpo no mes de xuño. Importe 708,22 euros

Factura num. 4000552027 de Sociedade Estatal Correos e Telégrafos, S.A do mes de xuño. Importe 705,05 euros

Factura num. 8383 de Darlim Maquinaria Limpieza, S.L por arranxo da máquina do servizo de limpeza. Importe 66,12 euros

Cota anual Fegmap. Importe 212,84 euros

Factura num. 300.541 de Artes Gráficas Litonor por carteis da Romaría de San Cristovo 2010. Importe 219,24 euros

Facturas nums. 549, 1125, 1768 e 2495 de Portomédica por materiais para o servizo de fisioterapia. Importe 215,14 euros

Factura num. 505 de Socyser (Coesco - Deza SL) por servizo dunha auxiliar de axuda no fogar no mes de maio. Importe 1.177,94 euros

Facturas num. 67 e 68 de Manuel Gamallo y Otro S.C por tubos para obras de ampliación da rede de saneamento municipal. Importe 637,65 euros

Factura num. 69 de Manuel Gamallo y Otro, S.C por materiais para obras no campo de fútbol de San Mamede. Importe 524,44 euros



Factura num. 70 de Manuel Gamallo y Otro, S.C por porte camión grúa de ir a buscar pedra e colocala coa grúa en Vedra. Importe 106,72 euros

Factura num. A/14 de María Isabel Casal Devesa por pinchos servidos con motivo da presentación dunha cortometraxe do banco de tempo na Casa de Cultura de Santa Cruz. Importe 147,64 euros

Factura nun. 102 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos alumnos do curso de educación de adultos en xuño. Importe 390,55 euros

Factura num. 103 de Viajes Peillet, S.L por servizo de autobús cos participantes na ludoteca no mes de xuño. Importe 770,40 euros

Factura num. 104 de Viajes Peillet, S.L por autobús para viaxe a Santiago coa coral de Vedra. Importe 160,50 euros

Factura num. 105 de Viales Peillet, S.L por excursión ós Ancares, financiada con achegas dos participantes. Importe 1.177,00 euros

Factura num. 205 de José Manuel Segade Martínez por mesa para departamento de urbanismo. Importe 368,88 euros

Factura num. 204 de José Manuel Segade Martínez por equipamento para o centro de saúde de Vedra. Importe 562,60 euros

Facturas nums. 01/22 e 01/23 de Barreiron Mayor, S.L por papel para fotocopiadoras e impresoras. Importe 786,13 euros

Factura num. 10/227 de Maderas Lata por táboas para as obras. Importe 81,20 euros

Factura num. 102518 de Comercial Vehículos Industriales TAR, S.L por arranxos no camión de recollida de lixo. Importe 950,43 euros


Factura num. 06/22 de Alquimao, S.L por materiais diversos. Importe 60,32 euros

Factura num. 10/203 de Mármoles y Granitos Del Rio por placa gravada en pedra para a colocación en Vilanova, dentro dos actos do centenario de López Ferreiro. Importe 707,60 euros

Factura num. 30 4037 de Ulla Oil, S.L por acopio de gasóleo bonificado para os tractores municipais no mes de xuño. Importe 1.042,56 euros

Facturas nums. 0341/E10, 0340/E10, 0338/E10 e 0337/E10 de Talleres San Fins, S.L por arranxos na maquinaria municipal no mes de xuño. Importe 2.029,70 euros

Factura num. 7170029388 de Ofiservice por material de oficina. Importe 1.013,74 euros



Factura num. 64 de Aluminos Vedra -Jaime Gómez Souto y Otro, S.C por fiestras para o vestiario do campo de fútbol de San Mamede. Importe 1.652,14 euros

Factura num. 95 de Manuel Gamallo y Otro, S.C por materiais para o campo de fútbol de San Mamede. Importe 1.037,57 euros

Factura num. 96 de Manuel Gamallo y Otro, S.C por materiais para o punto limpo. Importe 313,79 euros

Factura num. 22022377 de Initial Textiles e Higiene, S.L por retirada de unidades hixiénicas nos aseos da Casa do Concello e gardería municipal . Importe 248,45 euros

Facturas nums. 173/10 e 227/10 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por repostos para a maquinaria municipal. Importe 206,03 euros

Factura num. 2010083 de Manuel Botana Granja por materiais diversos. Importe 226,54 euros

Facturas nums. 010000781, 010000782, 010000783 e 010000784 de Puente Ulla, S.L por carburantes no mes de xuño. Importe 1.563,38 euros

Factura num. 68/10 de Reparaciones Sinde, S.L por arranxos no camión de recollida de lixo e outra maquinaria municipal no mes de xuño. Importe 297,54 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas

#### **6º.- Dar conta de Resolucions da Alcaldía**

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de xullo do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións que se están a levar a cabo ó parecer por don Ramón García Raposo, consistentes na construción dun cerramento mediante a colocación de postes de ferro e malla sobre dun alboio existente pegado ó vial municipal en Picón

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de xullo do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición da legalidade respecto das actuacións levadas a cabo por don Marcelino López no lugar de Canicoba-San Mamede, consistentes na construción dun peche de parcela, acórdase desestimar a reclamación presentada polo interesado e ordénase a demolición das mesmas no prazo dun mes dende a súa notificación.

A Xunta de Goberno dáse por enterada



6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de xullo do ano que andamos, pola que se aproba o plan de seguridade e saúde da obra de *Ampliación da rede de alumeado público en Sarandón, Fornelos e Argunte*, incluída no Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2009) presentada pola empresa adxudicataria da mesma, Electricidad Cruceiro, S.L

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data cinco de xullo do ano que andamos, pola que se lle concede a don Manuel Cabo Silva un prazo de quince días para que proceda a cortar as ramas das árbores que invaden o vial municipal e que proceden da parcela num. 525 de concentración parcelaria de Vilanova-Merín; de non ser así procederáse á imposición de multas coercitivas establecidas no artigo 199 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de xullo do ano que andamos, pola que se acorda solicitar unha axuda ó abeiro da Orde do 28 de maio de 2010, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ós concellos con destino ó apoio ás festas populares e outros eventos de contido turístico

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data nove de xullo do ano que andamos, pola que se fai pública a lista definitiva de admitidos na gardería municipal para o curso 2010-2011

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trece de xullo do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición da legalidade tramitado por obras de construción de cerramento en Sete por don Jesús López Ferradán, acórdase incoar expediente para a imposición de multas coercitivas pola cuantía de mil euros (#1.000,00#) euros, e concederlle ó interesado un prazo de 10 días a fin de que poida alegar e presentar os documentos que estime pertinentes

A Xunta de Goberno dáse por enterada

## 7º.- Outros asuntos

7.1.-.- Comunicación da Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Dáse conta do escrito da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 16 de xullo de 2010 polo que solicita a adopción de acordo e remisión de documentación para a formalización dun acordo de colaboración para a execución das obras de *Rehabilitación da Casa de Cultura de San Mamede de Ribadulla*.

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda:



1º.- Aceptar a axuda concedida e formalizar un acordo de colaboración para a execución das obras denominadas: *Rehabilitación da Casa de Cultura de San Mamede de Ribadulla*.

2º.- Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, libre de cargas e gravames e cos usos urbanísticos adecuados, os terreos necesarios e o dito inmovible, para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións para levalas a cabo.

3º.- Asumir a obriga de, unha vez recibidas as obras e logo de comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación delas.

4º.- Facultar ó Alcalde-Presidente, se fose o caso, para a sinatura do correspondente Convenio.

## 7.2.- Declaración de necesidade de ocupación

En relación co expediente en trámite para levar a cabo a expropiación forzosa por razón de urbanismo das parcelas 1064 (na súa práctica totalidade) e dunha pequena porción da parcela 1065 do plano do acordo da concentración parcelaria de Sarandón-Vedra, sitas no lugar de Silva de Arriba da parroquia de San Miguel de Sarandón, co fin de executar o proxecto de Acondicionamento de Campo de Fútbol-7 en San Miguel de Sarandón, redactado polo arquitecto Fernando Faya Martínez.

Vistas as certificacións rexistras de dominio e cargas dos bens e a relación de propietarios e bens afectados redactada polos Servizos Técnicos Municipais, de conformidade do disposto no artigo 3 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto, redactado polo arquitecto Fernando Faya Martínez, para Acondicionamento de campo de fútbol-7 en San Miguel de Sarandón


2º.- Considerar que a aprobación do proxecto de Acondicionamento de campo de fútbol-7 en San Miguel de Sarandón, deste termo, leva implícita a declaración de utilidade pública da expropiación forzosa dos bens e dereitos que se enumeran no punto seguinte, necesarios para a execución do proxecto mencionado.

3º.- Aprobar a relación de bens e dereitos cuxa ocupación é estritamente indispensable para a execución do proxecto de acondicionamento de campo de fútbol-7, que é a seguinte:

-Parcela 1064 do plano do acordo da concentración parcelaria de San Pedro e San Miguel de Sarandón; superficie a expropiar: 8.366,50 m<sup>2</sup>. Titular: Marcelino López Tato, segundo o auto, de data 1 de outubro de 2007, ditado no recurso contencioso-administrativo número procedemento ordinario 0010526/1997 e que non figura inscrita no rexistro da propiedade, segundo se acredita mediante certificación do mesmo e que figura no expediente en trámite.

-Parcela 1065 do plano do acordo da concentración parcelaria de San Pedro e San Miguel de Sarandón; superficie a expropiar: 370,80 m<sup>2</sup>. Titular: Gonzalo Valdés Gestoso, segundo consta na certificación emitida para os efectos polo rexistro da propiedade e que figura no expediente en trámite.

4º.- Publicar a relación anterior mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de Edictos do concello e nun xornal dos de



maior difusión na provincia. Asímesmo notificar individualmente aos propietarios afectados para que poidan facer, de se-lo caso, as alegacións que estimen oportunas, no prazo de quince días dende a publicación do anuncio no BOP.

5º.- No caso de presentarse alegacións, emitirase informe técnico e xurídico sobre as mesmas.

6º.- Á vista das alegacións formuladas por quen es comparezan na información pública, o Pleno do concello resolverá no prazo máximo de vinte días sobre a necesidade da ocupación, describindo detalladamente os bens e dereitos ós que afecta a expropiación.

### 7.3.- Concurso do Ministerio de Cultura de *proyectos de animación a la lectura María Moliner*

Dáse conta da Orde cul/1869/2010 do 30 de xuño, pola que se convoca o concurso de proxectos de animación á lectura María Moliner en municipios de menos de 50.000 habitantes e se convocan as axudas consistentes en lotes de libros correspondentes ó ano 2010 (BOE num. 168/10, do 12 de xullo)

A Xunta de Goberno acorda aprobar a solicitude de axuda para o proxecto "Descubre leyendo"

### 7.4.- Subvención á Asociación Cabalar Rio Pereiro

Dáse conta do escrito num. 1032/10 no que don Gonzalo Cutrín Rial, en calidade de Secretario da Asociación Cabalar Rio Pereiro, solicita a concesión dunha axuda para a XII edición da Ruta Cabalar do Rio Pereiro.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de cincocentos (#500,00#) euros

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cincuenta minutos

